

O NADAL SEMPRE ACTUAL

Xosé Antón Miguélez

ESCENA PRIMEIRA

Nena. Canto rebumbio e cantar,
canta luz aquí e alá.
Por favor dime avoíño
que pasou polo Nadal?

Avó. Foiche un gran milagre.
Deus fíxose noso
e do mesmo sangue.

Nena. Avó, que alegría!
con Deus na familia
iremos arriba.

Avó. Iso dixo un día
o anxo Gabriel
a santa María.

Nena. Pois cóntame avó
como empezou todo
e tal como foi.

ESCENA SEGUNDA

(o avó xa non se ve, só se oe)

Avó. A Virxe estaba
aló en Nazaré
cando veu un anxo
de parte de Deus.

Anxo. Bendita mociña,
o Señor me manda
con grandes noticias.

María. E mándate a min?
Pero se eu son pobre
e moi nova á fin!

Anxo. Pois non es cativa
que estás chea de gracia,
pura marabilla!

María. Estou asombrada,
non sei que traerán
as túas palabras!

Anxo. Deus mándache un fillo,
Xesús salvador

o chamado Cristo.

María. Non entendo ben...
Eu non son casada
pero se Deus quer
eu son a súa escrava!

Anxo. O poder do Alto
virá sobre ti,
parirás o Santo
que che prometín.

María. Pois que sexa logo
segundo ti me dis,
que se cumpra todo
o que queira en min.

ESCENA TERCEIRA

Nena. Agora xa sei,
mais cóntame axiña
cando Deus naceu.

Avó. San Xosé e María
ían de viaxe
mais ninguén lles daba
na casa hospedaxe.

Xosé. Pousadeiro, pousadeiro
déanos casa cuberta
que somos dous forasteiros.

Pousadeiro. Veñen con mala fortuna,
a casa está que rebenta,
¡non hai sitio pra unha agulla!

Xosé. Quero pedirche un favor:
teño a muller pra parir,
xa lle principiou a dor.

Pousadeiro. ¡Que xentiña tan raiante!
¡Sigan vostedes pra adiante!

Xosé. Algún recanto terás
no sobrado ou no pallar.

Pousadeiro. Non me veñas dar a lata
que non che estou para líos.
¡Nin que me cubras de prata

quero nesta casa un crío!

Xosé. Dásme pena pousadeiro
con esa alma de aceiro.

Pousadeiro. Pois sabes o que?
Esta casa é miña
e o camiño é teu (*pecha*).

María. É posible que en Belén
non nos acolla ninguén?

Xosé. Ti estás segura María
que aquel arcanxo Gabriel
de parte de Deus viría?

María. Por que o preguntas Xosé?
Seica perdiches a fe?

Xosé. Cando sae todo ó revés
xa o dubido algunha vez.

María. Comprendo que Deus non queira
darnos praza de primeira,
pero pasar tanto apuro
non é fácil que é moi duro!

Xosé. Abre pousadeiro
que anque somos pobres
traemos diñeiro!

Pousadeiro. Non é por cobrar,
se se encontra mal
vaia a un hospital.

Xosé. Como se os houbera
no tempo de Cristo.
Seica estás de chiste
pero eu non me río!

Pousadeiro. Se non a empreñaras
non tabas así.
Ese é teu problema
pois resólveo ti.

Xosé. Mira pousadeiro
que me está chegando,
e se me toreo
non sei as que fago.

María Non rabeas meu homiño
e sigamos o camiño.

Xosé Como mandes ti Maruxa.
E dime, esa dor apuxa?

María. Vaise aguantando
pero dáme pena
que Deus veña ó mundo
de contrabando.

Xosé. Mira aló... Hai outra casa!
Chamarei de novo
a ver o que pasa.

María. Ai Ai, que xa vén o neno!

Xosé. Aguanta un pouco cariño,
hai aquí un cortello vello

María. Está visto que Deus quere
nacer pobre e nun presebe.

Xosé. Pois se Deus está con nós
que o medo non nos free.
Contamos co seu valor!

ESCENA CUARTA

Avó. E o Rei de toda grandeza
naceu en moita pobreza,
e en vez dun pazo real
habitou choza aldeá
e viron a súa figura
non a xente de finura
senón un boi e unha mula.

Nena. E a mula non o trababa?

Avó. A mula dáballe alento
e o neno estaba contento.

Nena. E o boi non o trepexaba?

Avó. O boi resultou ó cabo
insecticida eficaz
matando moscas co rabo.

Nena. E ninguén foi axudar
que non fose un animal?

Avó. foi un anxo desde o ceo
que era un pouquiño tatexo,
e a uns pastores avisa
que vaian a toda *prisa*.

ESCENA QUINTA

Anxo. Papas, papas, papas....

Pastora. Quen pide papas agora?

Anxo. Papastores espertade
que vavades caer de cu.
Caca, caca, caca...

Pastora. Antes coas papas
e agora caca
¡que confitura!

Anxo. Papastores espertade
que vavades caer de cu
caca cando o saibades.

Pastora. Dime axiña que pasou

Anxo. O neneno xa chegou.

Pastora. Pero de que neno falas?

Anxo. Do fififillo propropro.

Pastora. Do fillo do profesor?

Anxo. Do fifillo prometido
por Deus o noso Señor.

Pastora. Compañeiros, compañeiros
xa naceu o neno Deus.

Pastor 1. Outra vez cos soños teus.

Pastor 2. Calade xa dunha vez
estouvos moi a gustiño
quero durmir ata as dez!

Pastora. Pois sabes o que che digo?
Que eu vou deica Belén
a ver o que o Anxo dixo
e vós folgazáns tamén,
[sacudindo neles]
veña, veña, hai que erguerse
que hai un neno nun presebe
porque non ten outro berce.

Pastor 1. Por que non vas ti soa
e nolo contas á volta
e traes tamén gominolas?

Pastor 2. E pipas e coca-cola!

Pastora. E chamádesvos pastores?
naceu o Año do ceo
humilde e pobre moi preto
e vós de consumidores!

Pastor 1. Scht, calade un pouco! Escoitade!

Pastora. Sentiches por fin o anxo?

Pastor 1. Sinto un chorar miudiño
que pode ser dun meniño

Pastor 2. Algo pasou tes razón
porque me entrou un formigo
moi doce no corazón.

Pastor 1. Imos ver e non baleiros
porque o mirar non mantén.

Pastor 2. O caso era dar con el.

Anxo. Vivide canda a min
e levareivos alí.

ESCENA SEXTA

Lavandeira1. Por máis que frego e restrego
este branco segue negro.

Lavandeira 2. E logo que xabón usas?

Lavandeira 1. Pedra e pao para as saias,
pao e pedra para as blusas.

Lavandeira 3. Ai Ai, pobre de min,
moito me doen os cadrís.

Lavandeira 4. Con quen te queres quedar?
Inda acabas de empezar
e xa te estás a laiar?

Anxo. Mumulleres vivivi...

Lavandeira 2. Non viches nunca muller?

Anxo. Vivivide adorar
o neneno que recién
nanaceu aló en Belén
e vailala lalala.

Lavandeira 3. Dis un meniño que baila?
ha estar medrado abofé!

Lavandeira 4. Deixa acabar de falar
se te queres enterar.

Anxo. Vide adorar o neniño
que de parte de Deus veu
lavar o mal deste mundo.

Lavandeira 1. Si, falta tiñamos diso
que haber haiche moito lixo.

Lavandeira 2 E principiando por ti,
porque peor non a vin.

Lavandeira 1. Anda que ti meiga verde,
malapécora doente,
ponzoñas como a alacrán.

Anxo. Non pepepepelexedes
que toda a terra é país
e en todos hai que rañar,
pepepero vén salvar
a totototoda a xente.

Todos. Ó noso salvador
imos adorar.

ESCENA SÉTIMA *(No portal)*

Pastora. Saúde Xosé e María,
saúde neno Xesús,
moitiñas gracias moitiñas
por vires darnos a luz.

Lavandeira 3. Eu non che arrendo a ganancia,
meu neníño salvador,
se tes que lavar o mundo
de tanto mal pecador.

Mal o pasarás meu rulo,
difícil o tes amor,
hoxe parece marulo,
mañá na cruz perdedor.

Lavandeira 4. E despois dese mal trago,
irmán resucitador.
Graciñas, conta comigo
conta connosco Señor.

Pastor 2 Bendito o Deus que te manda,
bendita a mai que te deu,
bendita esta noite santa,
benditos tódolos teus.

Lavandeira 2. Moito me dá que pensar
ver a Deus tan indefenso
el será que nos precisa
aunque sexa tan inmenso?
Hoxe douche un biquiño
na túa cara de mel.
Mañá valéndolles ós pobres
heicho dar a ti tamén.

Pastor 1. Xesucristo en ti confío,
o Deus humilde entre nós.
Conta comigo pra sempre,
ti serás o meu pastor.

Lavandeira 1. Dáme un corazón doído,
compasivo e xeneroso,
que deixe fóra os caprichos
e poida valerlles ós outros.

ESCENA OITAVA

- Avó.** E naquela noiteboa
o portal case se atoa.
- Nena.** Quen me dera estar tamén
de pastora ou lavandeira
aquela noite en Belén,
aquela noite primeira.
- Avó.** Pois non te engañes netiña,
que ti non tes desvantaxe
de toda aquela xentiña.
- Nena.** Explícame esa verdade.
- Avó.** Non te decatas bonita
que Xesús está presente
sempre e en tódolos días
na xente feble e doente?
- Nena.** Aínda que sexa moi mala?
- Avó.** Tamén nesa está pedindo
o ben para remediala.
- Nena.** Estou que alucino [*como pensando*].
Daquela o Nadal...
Non é cousa vella
é sempre actual!
- Avó.** Así o cre o cristián
e por iso cada ano
non cansa de o celebrar.
- Nena.** Avó, ti tamén o cres?
- Avó.** Eu creo con moita fe.
- Nena.** E a xente que nos ve?
- Avó.** Pregúntalles como é.
- Nena.** Ei amigos do Colexio,
credes que o Nadal de Cristo
tamén é verdade agora?
- TODOS.** Cremos

Nena. Pois xuntos cantemos
unha panxoliña
a Xesús Deus neno.

Todos. E se vos gustou
a nosa función,
unhas palmadiñas
e gracias a vós.